



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS ENSIANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN MÚSICA, REGULADAS NO REAL DECRETO 631/2010, DE 14 DE MAIO, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de abril de 2011, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de grao en música, reguladas no Real Decreto 631/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.

- 1.- O Consello Escolar de Galicia propón que se engada no punto 2 do artigo 4, o seguinte texto ao final do parágrafo: “**e Dirección de Orquestra**”. (Páxina 5, liña 91).
- 2.- No artigo 5, punto 6, propónse a substitución da expresión: “40%”, pola seguinte: “50%”. (Páxina 6, liña 118).
- 3.- No artigo 7, propónse a supresión do seguinte punto: “**2. Os centros educativos determinarán que disciplina ou disciplinas haberán de impartirse nunha lingua estranxeira para garantir a adquisición da competencia transversal correspondente, seguindo as directrices que a tal fin establece a Consellería competente en materia de educación**”. (Páxina 8, liñas 157 a 159).
- 4.- Para o punto 2 do artigo 9, propónse a adición da verba en negriña: “**2. A avaliación será continuada, diferenciada por disciplinas e terá un carácter integrador en relación cos obxectivos definidos no plan de estudos. A avaliación do Concerto/traballo fin de grao será única e requirirá ter aprobadas a totalidade das disciplinas que integran o plan de estudos**”. (Páxina 8, liña 173).
- 5.- No punto 4 do mesmo artigo 9, propónse a supresión do texto en negriña: “**4. A obtención dos créditos correspondentes a unha disciplina requirirá superar as correspondentes probas de avaliación ou exames. No caso de disciplinas consideradas de contidos progresivos, o alumno ou alumna, non poderá ser avaliado ou avaliada en tanto non teña superada a disciplina do mesmo nome e descriptor de cuatrimestre ou cuatrimestres anteriores, na orde correspondente**”. (Páxina 9, liñas 179 a 183).
- 6.- Na disposición adicional segunda, punto 2, propónse que se engada o texto que figura en negriña: “**2. Asemade, a Consellería competente en materia de Educación, a proposta dos centros, desenvolverá plans de formación do profesorado para a actualización e afondamento das disciplinas propias da Música nos seus diferentes ámbitos, así como formación concreta en galego, con coñecemento do vocabulario específico**”. (Páxina 11, liña 225).
- 7.- Na disposición adicional quinta, propónse un texto de adición ao final do parágrafo co seguinte texto: “**mantendo os cadros de persoal actuais ou aumentándoos**”. (Páxina 12, liña 249).
- 8.- No apartado de competencias transversais do Título de Graduado ou Graduada en Música, competencia T.17, propónse a inclusión do texto que está en negriña: “**T.17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural galego e**



universal, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos”.
(Páxina 31, liña 337).

9.- Para o descritor da disciplina Antropoloxía cultural de Galicia, especialidade de interpretación/instrumentos da música tradicional e popular de Galicia. Musicoloxía/Etnomusicoloxía, proponse un novo texto, que diga: **“Adquisición de coñecementos sobre as distintas dimensións da cultura galega, con especial atención ás claves comportamentais e simbólicas, así como, a creación dunha conciencia de Galicia como unha realidade cultural, socioeconómica, con identidade de seu. Análise da realidade galega contemporánea desde os procedementos da antropoloxía cultural”**. (Páxina 47, liña 549).

10.- O Consello Escolar de Galicia recomenda que se elaboren regulamentos específicos para os centros superiores de ensinanza artística, entre os que se atopan os Conservatorios Superiores.

11.- Tamén recomenda que se unifiquen a convocatorias extraordinarias LOXSE e LOE en setembro, para facilitar a organización pedagóxica e administrativa.

O Secretario

José Alcjo Losada Aldrey

V. e pr.
O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés

